

ADEGA PONTE DA BOGA, S.L.



“Desenvolvemos métodos de agricultura integrada ou ben ecolóxica, para asegurar a saúde da terra, da auga, do ar e do home”

Luis Ángel López Espiñeira

Datos básicos

Actividade:	Bodega con denominación de orixe da Ribeira Sacra	
Sector de actividade	Fabricación de produtos diversos	
Nº empregados	35	
Inversión inicial	2.103.550 €	
Financiamento inicial:	Un 50% do investimento inicial foron apartacións dos socios. O resto do financiamento correu a cargo dun crédito do CDTI, outro de Xesgalicia e varias pólizas de crédito bancarias.	
Web:		
Municipio:	Castro Caldelas, Ourense	Ano creación: 1999

Descrición do proxecto

Trátase dunha adega con denominación de orixe de Ribeira Sacra que forma parte dun plano de desenvolvemento de Terra de Caldelas.

Para desenvolver este proxecto, comezamos creando unha asociación de produtores chamada "A Carosa - Teixeira", que na actualidade ronda os 180 socios. Desta asociación saímos varios socios con mentalidade cooperativista e creamos a cooperativa "Viña da Costa", con perto de 40 socios.

Temos unha produción anual dunhas 300.000 botellas, das cales o 70% é variedade tinto e aproximadamente o 30% branco.

A maior parte da produción véndese en territorio nacional, aínda que exportamos unha parte a Suíza, Alemania, Reino Unido e USA.



Datos empresa

Claves do éxito

- Buscamos harmonía entre a Natureza e o Home. O feito de desenvolver unha plantación de viñedos nesta zona, implica un equilibrio ecolóxico. Evita que a zona se desertice, que medre matorral de forma indiscriminada e que se produzan incendios. E por outro lado, supón creación de riqueza e posibilita aos habitantes da zona un medio de vida.

- A innovación: observamos o que está a ocorrer noutros mercados, analizamos a viabilidade desas técnicas no noso, e aplicámolo. En particular, fomos os pioneiros en instaurar os métodos de produción integrada, que se basean en evitar o uso de pesticidas, fungicidas e herbicidas mediante a súa substitución por bacterias inocuas para as plantas, pero dañinas para as pragas.

Situación actual

Na actualidade, a adega conta cun enólogo, unha adegueira, un oficinista, un socio xerente, un comercial e persoal eventual para a vendima (entre 15 e 20 persoas), ademais de persoal eventual na época de poda (ao redor de 10 persoas).

Podemos definir a nosa situación coma de expansión. É a nosa terceira colleita e queremos consolidar o que xa conseguimos. O noso obxectivo é vender toda a nosa produción e acometer novos proxectos como o desenvolvemento dun augardente e potenciar a produción de castaña, que temos en abundancia e, nembargantes, está totalmente abandonada.

Perfil cliente

O noso cliente é un consumidor de viño de nivel sócio-económico medio-alto que valora a calidade e a saúde. Percibe como un importante valor engadido o uso de métodos de produción integrada, posto que evita utilizar substancias nocivas como pesticidas e fungicidas.

O noso viño está moi ben aceptado entre as mulleres, posto que é moi suave e non produce molestias, mesmo ás persoas máis sensíbeis.

Como comentaba no apartado anterior, unha pequena parte da nosa produción se destina ao comercio exterior (sobre todo Suíza, Estados Unidos, Alemania e Reino Unido).



Idea inicial

A idea xurdiu ao observar como o campo está a quedar abandonado. A xente nova xa non quere traballar na agricultura porque non ve futuro nela.

Desenvolvemos este proxecto porque tentamos construír nel unha forma de vivir e unha profesión digna, para que a xente xoven volva ao seu lugar, potencie a produtividade do campo e se sinta integrada nel.

Ademais, para lograr este fin garantindo a sustentabilidade dos recursos, desenvolvemos métodos de agricultura integrada ou ben ecolóxica, para asegurar a saúde da terra, da auga, do ar e do home.

En principio, o sistema máis xeralizado é o de produción integrada, que está baseado na loita biolóxica dunhas pragas contra outras, de forma que se evita o uso de substancias nocivas como pesticidas, funxicidas e herbicidas.

Principales dificultades y amenazas futuras

As dificultades iniciais foron sobre todo de tipo burocrático. Tivemos que facer moitas xestións, perder moito tempo e tardamos en ver resultados.

En canto ás ameazas, estamos sempre a expensas da evolución da situación económica, como case calquera empresa. A etapa actual é un pouco difícil, e hai que botarlle imaxinación para saír adiante.

Perfil promotores

Manuel Barcala foi o protagonista da posta en marcha da denominación de orixe Rías Baixas, na que traballou durante catorce anos. Conta ademais con formación académica tanto en agricultura como en dirección e xestión de empresas.

Na actualidade está centrado nun proxecto de desenvolvemento ecolóxico do Val do Ulla, no que xa se iniciou con viticultura biolóxica e continuará con plantacións orgánicas de maceira de sidra, horta, froiteiras autóctonas e cereais autóctonos (millo, trigo, etc.). Desenvolverase un proxecto piloto nunha finca de Vedra para continuar desenvolvendo o val do Ulla e recuperar froiteiras antigas e variedades de viño con máis de 200 anos.

Aptitudes necesarias

Hai que ter moi claro o obxectivo, e unha vez que está claro, enfocarse cara el ata conseguilo.



Guía de Actividad

Elaborador de viño con denominación de orixe (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

A independencia que proporciona
Dedicarme ao que me gusta

Dirixir persoas e organizacións
O reto que supón

Formación

¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?

Si, son titulado en Dirección e Administración de Empresas Agrarias e realicei varios cursos, entre eles un de aprendizaxe en Dirección de Empresas na Universidade Complutense de Madrid.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si.

Anecdótico

As veces, cando fas algo, a xente tenta apropiarse das ideas, pero sen embargo é moi difícil levalas a bo fin se non es o propietario desas ideas. Este "secuestro de ideas" non serve para moito, pois é imposible reproducir un concepto se non o ideaches.

